

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL, (EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL) (APROL RURAL) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE CALDAS DE REIS. (DOGA número 171, do 8 de setembro de 2017).

1. OBXECTO.

Estas bases teñen como finalidade regular o procedemento que se aplicará na selección de 2 traballadores nas seguintes categorías: **2 PEÓNS OBRA PÚBLICA.**

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na páxina web www.caldasdereis.com e na sede electrónica

2. RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES CO CONCELLO DE CALDAS DE REIS E RETRIBUCIÓN.

Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de 9 meses e a xornada completa.

As retribucións serán as vixentes aprobados por Lei 3/2017 do 27 de Xuño de Presupostos Generales del Estado e aplicados no Concello de Caldas de Reis como salarios equiparados: PEÓN, equiparado a grupo E, Nivel 14.

3. ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE.

O proceso iniciarase exclusivamente, coa tramitación da oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia, unha vez recibida a resolución Consellería de Emprego e Industria (Orde do 29 de agosto de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no Medio Rural, DOGA núm. 171, do 8 de setembro de 2017). O número de prazas a ofertar será nas categorías de: **2 PEÓNS DE OBRA PÚBLICA.**

A Oficina Pública de Emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán presentarse para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada.

4. REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes terán superados os estudos de:

Nº TRABALLADORES	OCUPACIÓN	TITULACIÓN
2	Peón Obra Pública	Non se esixe estar en posesión de titulación algunha en aplicación do previsto na

		<p>disposición adicional sexta apartado 1, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.</p>
--	--	---

5. REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As persoas remitidas pola Oficina de Emprego teñen que estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aqueles que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

Deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Caldas de Reis a seguinte documentación con carácter previo á realización da proba práctica:

- a) Fotocopia do DNI.
- b) Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Acreditación de ser desempregado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia (tarxeta de demandante de emprego ou certificado do Servizo Público de Emprego).
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

- f) Autorización ao Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos achegados nos apartados anteriores.

6. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

6.1.COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL:

O Tribunal de selección estará integrado polos seguintes membros: Presidente/a, 2 Vogais e Secretario/a.

Os membros do Tribunal terán voz e voto, excepto o secretario que terá voz, mais non voto.

Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde - Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

6.2.INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesore naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores.

7. SISTEMAS DE SELECCIÓN

O sistema de selección consistirá na realización dúas probas prácticas e dunha entrevista curricular. A data, hora e lugar da proba práctica e entrevista fixarase por resolución de Alcaldía.

Os aspirantes deberán acudir provistos do D.N.I. que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na páxina web www.caldasdereis.com.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único e a súa non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo Tribunal.

7.1.REALIZACIÓN DE DÚAS PROBAS PRÁCTICAS. (MÁXIMO 20 PUNTOS)

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización de dous exercicios prácticos que formulará o tribunal, relacionados cos principais traballos a desenvolver no posto ao que se opta, técnicas de traballo, materiais de traballo e ferramentas. O tempo máximo e forma de realización das probas será a determinada polo Tribunal.

Cada un dos exercicios puntuárase de **0 a 10 puntos**, sendo preciso para superar cada un deles obter un mínimo de 5 puntos.

Soamente os aspirantes que superen a primeira proba práctica, poderán presentarse á realización da segunda proba práctica.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio nun único chamamento, quedando decaídas no seu dereito os/as opositores/as que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para realizar cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal.

A puntuación final virá determinada pola suma da puntuación obtidas nas dúas probas prácticas.

No caso de empate na puntuación final os aspirantes empatados terán que realizar unha entrevista para desempatar

7.2. ENTREVISTA CURRICULAR. (MÁXIMO 2 PUNTOS)

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos, formación e experiencia, en relación coas funcións á que vai desempeñar. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca. Valorarase a dispoñibilidade e coñecemento específico do posto de traballo, responsabilidade que comporta o seu desempeño, a súa capacidade de diálogo e de traballo en equipo, así como motivación, coñecemento do terreo no que vai a desenvolver o seu traballo, etc.

8. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na proba práctica xunto coa entrevista, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

9. PROPOSTA DE SELECCIÓN

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde – Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na páxina web www.caldasdereis.com

O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados.

En caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma e que teñan superado o proceso selectivo.

10. RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde - Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A no presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

11. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

12. RECURSOS

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Caldas de Reis, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso - administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

13. INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para interpretación das mesmas.

En Caldas de Reis, decembro de 2017.

O Alcalde

Juan Manuel Rey Rey

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

MODELO INSTANCIA

D./D^a _____ maior de idade, en posesión do DNI n^o _____ veciño/a do Municipio de _____ con domicilio a efectos de notificacións na rúa/lugar de _____ n^o _____ piso _____ porta _____ da parroquia de _____ o teléfono _____

EXPÓN QUE:

Despois de ser seleccionado/a pola Oficina de Emprego como aspirante a contratación, en réxime laboral temporal de PEÓN DE OBRA PÚBLICA, para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis, autorizo a dito concello a comprobar ou verificar os datos aportados na documentación que se achega.

Documentación aportada:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social
- Tarxeta de demandante de emprego
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Autorización ó Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos aportados nos apartados anteriores.

SOLICITA:

Ser admitido/a no dito proceso, por reunir os requisitos esixidos na convocatoria.

Caldas de Reis, _____ decembro de 2017

Sinatura

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dona _____
co DNI nº _____ e con domicilio en
_____.

DECLARO BAIXO XURAMENTO

Non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso
nalgunha das causas de incapacidade e incompatibilidade determinadas na
lexislación vixente.

Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións
propias do posto.

Caldas de Reis, _____ decembro de 2017

Asdo.: _____